



Conchi Alvariño Alejandro

Secretaría de Acción Sindical de PSEC



Laura Bugarín

Novas eleccións en Ourense de persoal laboral

O pasado 31 de marzo celebráronse as eleccións sindicais de persoal laboral da Consellería de Educación nas que se elixían representantes para os comités de empresa.

AS ELECCIÓNS viñeron dende o inicio cargadas de conflitos pola postura das restantes centrais sindicais con respecto ao profesorado de relixión. Tanto UGT como CIG propuxeron no Comité Intercentros promover eleccións sindicais propias para o dito colectivo, co obxectivo de excluílo do V Convenio **Único** de Persoal Laboral da Xunta de Galicia.

Dende ese momento, CCOO quedamos sós defendendo, como fixemos sempre, que o profesorado de relixión é persoal laboral da Xunta de Galicia e, por tanto, está incluído no V Con-

venio **Único** do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.

Isto supuxo que CCOO se vira na obriga de pór demandas xudiciais nas catro provincias galegas. Na de Ourense, un xuíz dita sentenza firme a favor de CCOO e obriga a retrotraer o proceso ao momento de elaboración dos censos, por entender que o profesorado de relixión debería formar parte da mesa de técnicos.

Tendo en conta que CCOO ten o apoio da maioría dos/as traballadores/as para defender os seus dereitos, e nun afán de facer executar a sentenza

da mellor das maneiras, trata de consensuar con todas as organizacións sindicais con representación no dito comité a solución para executar a sentenza de forma que cause o mínimo prexuízo aos traballadores e se mantéña a representatividade que eles mesmos elixiron o 31 de marzo.

Seguiremos loitando de forma incansable, como temos feito ata agora, para que os traballadores e traballadoras sigan depositando en nós a súa confianza.

